



# MUSEO VIVO E INTEGRADO DO CAMPO E DA LOCOMOCIÓN AGRARIA

---

Marcos Vázquez

---

## Definición da Institución. Antecedentes Históricos

Algunhas máquinas... despertan no ser humano ata a arte da poesía:

Os labradores honrados  
da aldea de Santalla,  
pra sin paus facer a malla  
ordenaron de comprar,  
unha cousa aquí non vista  
que dá moi bon resultado  
que vos direi de contado  
e a máquina de mallar.

O día que a estrenaron  
foi unha tarde chovendo  
a fatos viña correndo  
xente de todo o redor.

E dixo un vello curioso  
logo que a estivo mirando:  
o mundo vaise acabando,  
váíame o Noso Señor.

Do que agora estamos vendo  
eu non estou moi convencido,  
estará un home escondido  
dentro nun hai que dudar,  
estará con un bon fungueiro  
dando paos a brazo libre,  
porque senón, imposible,  
como había de mallar?.

O vello dando mil voltas  
foi xunto do maquinista  
e pediulle, limpiando a vista,  
que lle deixase mirar.

Si señor, mire o que queira,  
dixolle este a o momento  
o vello meteo a cabeza dentro  
e non a puido sacar.

Berraba canto podía.  
Tirade por min veciños  
que me quedo sin fuciños!  
Tirou por el unha vella  
e no chao caeu deitado,  
e logo que estivo levantado  
de esta maneira berrou:

Fun sacristán muitos anos  
e fun á misiña a diario  
e nunca tal me pasou,  
sei que o demo se empeñou  
en deixarme escalabrado.

(O Gaiteiro de Santaballa)

Que a introdución da maquinaria agrícola nas distintas sociedades rurais do planeta, en cada caso na súa época, foi unha das grandes revolucións da sociedade parece que non admite moita discusión. En cambio si que existe discusión sobre unha afirmación ao respecto, e como empezamos coa malla e este antecedente histórico redáctase desde Galicia, lembremos a dialéctica mediante unha pregunta: a máquina de mallar, fin da fame ou fin da vida rural?

A miúdo vivimos feitos de grande importancia sen percibir a transcendencia e consecuencias dos mesmos. O home, desde as súas orixes, xa por necesidade ou por inquietude, experimentou a necesidade de desprazarse cando era nómade. Un fito fundamental na evolución humana foi perder a súa condición de nómade e facerse sedentaria. Neste momento a gandería e a agricultura convertéronse en fundamentais para o desenvolvemento dos núcleos de poboación. Desde entón atópase en constante proceso de evolución para que estas pequenas concentracións humanas fosen dando paso ás cidades.

Os marcos da antigüidade máis importantes foron a doma de animais, a ferradura, a evolución das ferramentas e utensilios e a invención da roda. Na Idade Contemporánea un feito relevante que convulsionou á sociedade foi a aparición do motor de vapor, sobre todo nos países civilizados. O aproveitamento e capacidade de transformación da enerxía xerada polo vapor ofreceu ao home a posibilidade de dispoñer dunhas potencias moi superiores a aquelas coas que contaba ata entón; nacía a era industrial.

Os terratenentes foron desprazados polos industriais na xerarquía social. Son as industrias importantes as que fixeron posibles os grandes bancos e viceversa, dado que determinados sectores como a siderurxia requirían fortes investimentos. Parte da poboación rural desprazouse ás cidades, dando lugar ao proletariado. O peso da agricultura e gandería descendía con respecto ao da industria ata o punto de que hoxe un PIB agrícola elevado é sinónimo de país atrasado. Podemos dicir que, sen darnos conta, comezamos coa revolución industrial a unha sistemática, lenta pero constante, perda de dignidade por parte do noso. Os marcos da antigüidade máis importantes foron a doma de animais, a ferradura, a evolución das ferramentas e utensilios e, como non, a invención da roda. Na Idade Contemporánea un feito relevante que convulsionou a sociedade foi a aparición do motor de vapor, sobre

todo nos países civilizados. O aproveitamento e capacidade de transformación da enerxía xerada polo vapor ofreceulle ao home a posibilidade de dispoñer dunhas potencias moi superiores a aquelas coas que contaba ata entón: nacía a era industrial.

Moitas comunidades reaccionaron desde hai tempo contra esta perda de dignidade do campo, sendo plenamente conscientes de que sen o sector primario, ou sexa a gandería e a agricultura, todo tipo de economía sería dependente, cos prexuízos que este tipo de economías padecen. Afrontar a perda da dignidade do campo galego por diferentes tipos de idiosincrasias moi características de Galicia converteuse nunha materia pendente para todos os galegos.

Coa máquina de vapor o transporte terrestre cambiou radicalmente. Os coches de cabalos deron paso aos primeiros esbozos do que serían os automóviles, camións, tractores e outros tipos de maquinaria agraria.

Os novos mercados que se abren por un transporte máis eficaz provocan un cambio importante na agricultura e na gandería, ademais do xa orixinado pola utilización do aproveitamento e capacidade de transformación da enerxía xerada polo vapor e, máis tarde, por outros tipos de combustibles fósiles en canto á maquinaria agrícola. Posteriormente, coa aparición do motor de explosión e motor diésel, consolídase esta tendencia de cambio no campo ao longo do século XX. Neste século sobresaen dous fitos importantes na historia industrial e no desenvolvemento da maquinaria agraria: nun momento determinado a fabricación de calquera obxecto supoñía un longo proceso artesanal que implicaba un gran número de horas de traballo e que se traducía nun custo elevado. A produción en serie e, posteriormente, a produción en cadea corruxían esta tendencia. O segundo paso copárono a comercialización e a mercadotecnia.

En 1903 a firma de automóviles Oldsmobile, fundada en 1901, comeza a producir automóviles mediante un simulacro do que hoxe chamariamos "produción en serie". O avance seguinte protagonizaríao Henry Ford, levado pola súa idea de crear un coche popular, no momento no que o automóbil era alcanzable unicamente para as clases altas. Todos estes avances ían xerando complicacións nas empresas de maquinaria agraria. É

---

preciso mencionar o importante papel que tivo o Ford T no campo norteamericano ao adaptarse para aplicacións agrícolas mediante o Eros Model, e despois dando paso ao mundialmente recoñecido Fordson F (1917).

Despois de varios intentos, Henry Ford lanza ao mercado o Ford T o 1 de outubro de 1908. Tratábase dun robusto e sinxelo vehículo que podía ser adquirido por clases medias grazas á súa produción en serie, que proporciona unha difusión relativamente alta. Pero Ford quería mellorar a produtividade e desenvolve en 1912 o concepto da cadea de montaxe tal e como a entendemos hoxe: un vehículo en construción desprazándose fronte a obreiros fixos no seu posto, cada un deles realiza unha operación determinada. O número de horas e homes necesarios para construír un modelo diminúe substancialmente e, con iso, o prezo. Isto, xunto á súa robustez, favoreceuno en gran medida á hora de converterse nunha máquina habitual do campo norteamericano.

O operario realiza operacións repetitivas, o que dará orixe a críticas ao sistema produtivo como a película de Charlie Chaplin *Tempos Modernos*: toda unha alegación dirixida contra Henry Ford e os novos métodos de produción da era industrial. Esta nova e mecanizada sociedade xeraba certo temor, como ocorreu ao longo da historia cos novos avances. En *Un feliz mundo novo* de Aldous Huxley fan coa man o signo da T como unha forma de bendición ou saúdo, todo un recoñecemento ao papel do Ford T, na nova sociedade do século XX.

Os métodos de Ford pasaron a aplicarse non só ás súas máquinas agrarias e aos seus automóviles, tamén a toda a produción industrial, incluídos os provedores de compoñentes cos que se abaratan os custos dos mesmos, xa que permite vender máis reducindo prezos. A produción en serie e en cadea supón, por outra banda, o inicio da sociedade de consumo.

Talvez o que trasladou ao mundo do automóbil de estrada Henry Ford xa o fixera na mecanización agraria Harry Ferguson, que inventou o sistema de elevación a 3 puntos (enganche de tres puntos) mediante acordos (primeiro, coa inglesa David Brown Engineering, coa que creou o Ferguson-Brown (1933); despois co mesmo Henry Ford (1938), co que creou o Ford 9N-Ferguson System; e, por último, coa americana Massey Harris (1954), coa que creou a xa multinacional Massey

Ferguson). Na actualidade, todos os tractores, pequenos ou grandes, levan de serie sistemas de enganche traseiro a 3 puntos que tamén son equipamento opcional estándar tamén na parte frontal.

Así pois o mundo da agricultura e da gandaría evoluciona implicando a sociedade e a industria e utilizando os avances tecnolóxicos xerados para satisfacer as demandas que o momento expón.

Por último, o grande avance na agricultura e na gandaría que se desenvolve no século XX é a comercialización e a mercadotecnia. De pouco servirían o abaratamento dos custos e todos os adiantos tecnolóxicos aplicados aos procesos agrícolas e gandeiros se non existise un consumidor final. A creación de necesidades e a satisfacción das mesmas é unha máxima que pode supoñerse como a verdadeira revolución do século XX ata chegar ao paradoxo absurdo de ser máis importante a mercadotecnia realizada que o propio produto en si.

Por todo o exposto, poderíamos dicir que un percorrido a través da historia do campo e da súa maquinaria agraria non só supón un atractivo histórico e cultural, senón que tamén xera unha achega á investigación e desenvolvemento potenciando a iniciativa, despertando inquietudes e, o máis importante, contribuíndo a que o campo galego recupere a ilusión e a dignidade perdidas ao aprobar a que sen dúbida é unha das súas grandes materias pendentes: pasar dun campo cunha economía coñecida como de subsistencia a un campo sustentable, entendendo como tal aquel cuxa finalidade última non é só a xeración de recursos económicos, senón a produción de alimentos e a conservación do territorio, da paisaxe, da cultura e doutros valores da contorna. En liñas xerais, isto é o que pretenden en esencia o MUVICLA (Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria), a AAMUVICLA (Asociación de Amigos do MUVICLA) e a Casa de Vázquez.

### **Definición da Institución: xestación da idea**

Segundo o exposto na introdución histórica, xorde una estreita vinculación entre o comezo da era industrial, sobre todo no século XX, cunha evolución na gandaría, na agricultura e no medio rural. No tocante á produtividade, esta evolución positiva débese a idiosincrasias puntuais e provocou nalgúns comunidades o abandono do campo e a súa perda de dignidade e autoestima.

O enfoque de vincular a historia da mecanización agraria á conexión co desenvolvemento rural sostible é talvez o máis vistoso do MUVICLA, posto que suaviza as diferenzas entre os que cren que a produción de alimentos é posible sen tanta inversión en tecnoloxía mecánica e os que cren pola contra que sen máquinas cada vez máis complexas non é posible alimentar a crecente poboación mundial. En todo caso a estrutura expositiva, a información parella e o discurso recibidos na visita ao MUVICLA transmitirán a paixón (argumentada) suficiente para comunicar os encantos e apaixonantes retos de vivir no rural e do rural.

Todo comeza cando o promotor desta idea de museo vivo (todas as pezas funcionan ao 100 %) e integrado (porque está no núcleo dunha casa de labranza en pleno funcionamento) decide restaurar un tractor (alá polo ano 2000) baixo a premisa de non desfacerse dunha ferramenta que custa moito sacrificio adquirir nunha casa de labranza e que, mentres está en activo, serve para alimentar a quen o usa. A partir de aí, a velocidade de progresión desta actividade multiplicouse xurdindo paralelamente o xermolo da Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica, que marcou ritmo e tendencia a nivel do territorio galego, español e internacional en eventos de promoción do medio rural, a través da arqueoloxía industrial agraria e co fin de aumentar a autoestima do traballador do medio rural. Esta Asociación, nacida no ano 2006, tivo xa no ano 2008 a capacidade de organizar por primeira vez na historia a "primeira peregrinación en tractor agrícola de época a Santiago de Compostela", recolléndoo nun documento audiovisual en varios idiomas. Na actualidade, a Asociación, despois de celebrar máis de 10 anos de andadura e de ter realizado máis de 80 eventos de relevancia considerable e varias publicacións escritas e audiovisuais, ten consolidada a súa finalidade e un recoñecido prestixio na publicación *Agamac Historia Viva* (ISBN 978-84-695-1383-5).

### Xustificación, deseño e contido do logotipo



Fig. 1. Logotipo do MUVICLA.

O que máis destaca desta composición son as producións da casa, a vaca e as mazás, baseándonos na terra e nos pastos de montaña; tamén resalta en segundo plano a silueta do tractor soñado polo promotor (o Ferguson TE 20, que agora xa forma parte do inventario da colección), dúas agullas que representan a continuidade do tempo na casa de labranza e os brazos dun compás como ferramenta de precisión para proxectar o futuro; de fondo, non podía faltar a referencia indubidable a Galicia mediante a banda da súa bandeira. Trátase dun logotipo cultural e pouco comercial pola súa elevada complexidade, polo que evolucionará cara a simplificación de ideas e para poder reflectir tamén dalgún xeito no contido a xente como premisa da casa de labranza que integra a terra e a xente.

O deseño é de Avelino Roca Rábade, dentro do equipo de traballo de imaxe do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, tendo en conta as ideas que se comentaron.

### Definición da Institución: denominación da Institución

Desde o momento no que os actuais responsables da Casa de Vázquez deciden destinar a colección e recursos a formar o MUVICLA, establécese un novo criterio que determinará as adquisicións, a distribución das instalacións e a adaptación á normativa vixente coa finalidade de poder amosar, no entorno da casa de labranza en plena actividade, un dos museos de Galicia máis dinámicos cun criterio de excelencia excepcional no

---

seu contido e concepto, entre os museos dedicados ao medio rural e á maquinaria agraria, precisamente pola concepción de vivo e integrado. Avánzase tamén no desenvolvemento dun labor de mecenado en canto á recuperación dalgunhas das pezas de maquinaria agraria que se irán adquirindo en avanzado estado de deterioro pero que, pola súa transcendencia cultural e social, formarán parte do patrimonio industrial e social con especial atención ao patrimonio pertencente a Galicia.

A localización tanto da colección, almacéns de pezas para mostra futura, elementos de reposto e talleres de restauración atópase no lugar descrito na xustificación da mesma. A colección ten desta forma un lugar onde iniciar a súa almacenaxe en perfecto estado de conservación sen supoñer custos adicionais que dificulten a viabilidade económica no futuro.

Cun pequeno percorrido polas visitas recibidas na Casa de Vázquez desde que se iniciou a restauración de maquinaria agrícola de época, a xestación do museo, a participación en algúns eventos e tendo en conta o seu curto período de vida poderemos entender e visualizar o alcance da verdadeira magnitude que pretende alcanzar o museo. É igualmente necesario realizar unha pequena análise das actividades para xustificar que o nome que pretende identificar o mellor posible o proxecto museolóxico MUVICLA foi o resultado dun proceso democrático de discusión onde tivo a última palabra o membro máis novo da familia: Brais, de 12 anos, que propuxo cambiar MIVICLA (só as iniciais) por MUVICLA (coa sílaba de museo), quedando así disposta a configuración final do nome. Desde o ano 2019, o nome está recoñecido no rexistro de patentes e marcas.

### **Definición da Institución: proxecto global e necesidades técnicas**

A modo de resumo de oferta, o desenvolvemento deste proxecto global pretende e perseguirá con firmeza:

Ofrecer na comunidade onde se atopa unha importante opción de ocio cultural dirixida á familia, cun compoñente moi importante de integración da comunidade provincial e autonómica, sendo ao mesmo tempo unha referencia para o resto de comunidades de España e para a comunidade europea e internacional. Esta op-

ción museística cultural e de ocio será un importante elemento dinamizador da economía da comunidade que o acolle, xerando riqueza e mantendo postos de traballo ademais dos directos xerados pola propia actividade museística.

Ofrecer a historia do campo e a súa maquinaria desde antes da era industrial, centrándose con detalle na historia do século XX.

Ofrecer un compoñente didáctico na súa exposición permanente e na súas exposicións temporais.

Abrir novos campos de estudo, investigación e debate acerca dun dos factores decisivos nas novas formas de vida do home contemporáneo como é a evolución da agricultura e a gandería.

Propiciar a formación e o fomento do emprego a través das súas actividades tanto na restauración coma no seu obxectivo de devolverlle ao campo galego a ilusión e a dignidade.

Realizar e fomentar a recuperación e conservación dun patrimonio histórico fundamental para entender a evolución do comportamento social dos últimos séculos no campo. Unha das funcións do futuro museo é a recuperación de pezas que polo seu interese social, cultural ou histórico son fundamentais e que, debido ao seu mal estado e rareza, necesiten para a súa restauración unha previa investigación, documentación e notable esforzo económico que sen un labor de mecenado nunca se realizaría coa consecuente perda patrimonial.

Ofrecer unha colección de maquinaria agraria e antigüidades ademais de diferentes pezas importantes que son unha referencia a nivel mundial xa sexa polo seu estado de conservación, polo seu nivel de restauración ou polo seu valor intrínseco nalgúns casos, xa que son únicas no mundo.

Actuar como elemento integrador do mundo do campo galego ao permanecer a disposición de todo colectivo e asociación do mundo do campo que demande uso ou colaboración das diferentes facetas de MUVICLA e da asociación AAMUVICLA.

Aportarlle á comunidade un valor engadido como ente de diferenciación e atracción.

Amosar o sistema produtivo galego por atoparse integrado nunha casa de labranza galega con máis de 200 anos de andadura na produción de alimentos para o mercado (mazá ecolóxica e carne de tenreira galega suprema e ecolóxica), o autoconsumo e a conservación do patrimonio material e inmaterial.

### **Esquema global do proxecto museo-lóxico: exposición permanente.**

Como exposicións permanentes, existen 6 espazos ben diferenciados que atenden a tres grandes liñas museísticas:

Liña museística 1: titulada e orientada, mediante explicacións presenciais contextualizadas e vinculadas a todos os eidos da sociedade, a realizar "Un paseo pola historia a través dos tractores".

Liña museística 2: titulada "Tratamento da recolleita do cereal en Galicia desde fai 150 anos" vinculada tamén ás ferramentas e máquinas que foron traballando na casa de labranza e á súa evolución.

Liña museística 3: "Miniaturas de maquinaria agrícola" mediante as que se pode comparar a evolución dos modelos dentro da mesma marca, os modelos de distintas marcas da mesma época, as máquinas que traballaron en distintos países e debater sobre o asunto. Este material serve de apoio para complementar as explicacións no percorrido polas outras dúas liñas museísticas.

Os seis espazos citados son os que seguen:

Espazo 1: o que foi a orixe da colección: unha construción recente (do ano 2006) pero con materiais e deseño baseados nunha construción tan típica coma antiga en Galicia: os pendellos tipo "feira", moi adaptados á tipoloxía da zona. A estrutura principal consiste en piares de cantería de 40 por 40 cm de sección, cerramento de pedra lousa, chan de chantos, estrutura de cuberta de madeira de castiñeiro (de árbores procedentes das fincas da casa) e cuberta de lousa. A decisión de realizar esta construción tomouse por razóns de optimización e homoxeneización de espazos, posto que se achegou lonxitudinalmente a unha corte con paredes de bloques de formigón sen lucir, solucionando así a mellora estética dun espazo destacable dentro dunha

casa de labranza: a eira. A forma da planta deste espazo é rectangular cunha superficie de 75 m<sup>2</sup> no que se albergan varios tractores (normalmente hai 5, aínda que poden entrar 6) e é onde se explica e desenvolve "Un paseo pola historia a través dos tractores" (liña museística 1).

Espazo 2: antiga corte de gando vacún (130 m<sup>2</sup>) con estrutura de formigón armado, cerramento de formigón, estrutura de cuberta de madeira (con vigas de arrastre de árbores da casa) e cuberta de lousa de finais dos anos 70 do século pasado. Nela albergárase gran parte da liña museística 2, "Tratamento da recolleita do cereal en Galicia desde fai 150 anos". Neste espazo tamén se intercalan outras liñas museísticas como son as máquinas fabricadas no territorio galego, destacando a malladora-limpadora Campeva (fabricada en Campolongo, Pontedeume), a malladora Sistema Suíza, fabricada en Mondoñedo ou o motor Marvel, fabricado na Coruña. Outra liña destacable intercalada son as máquinas da casa italiana Bertolini como exemplo de máquinas adaptadas ao territorio (en lugar de adaptar o territorio ás máquinas) que en Galicia, incluso foron capaces de converterse en míticas, dándolle nome a todas as segadoras que se chegaron a coñecer como *bertolinas*. Dentro deste espazo atópase tamén a antiga corte dos xatos, de 30 m<sup>2</sup>, na que se ten pensado ter sempre unha peza en fase de restauración para amosar o proceso e mesmo convidar á participación no proceso.

Espazo 3: antigo silo de trincheira con ampliacións da cuberta que dá lugar a unha superficie de 95 metros<sup>2</sup> que quedarán a tres niveis de exposición. No máis baixo e amplo, expoñerase a peza máis grande do museo: unha máquina de colleita autopropulsada que ten unhas dimensións de 6,5 metros de longo por 2,20 de ancho e 2,30 de alto. Os outros dous niveis (un que coincide enriba da citada cadra de xatos do espazo 2 e o outro espazo nun nivel intermedio) empregaranse esencialmente para pezas de madeira cuxo protagonista será o carro de madeira, onde se poderán ver a distinto nivel remarcando a súa observación.

Espazo 4: dentro da actual palleira da casa de labranza, onde se alberga o pequeno arquivo do museo e oficina de xestión da explotación agro-gandeira, de arredor de 13 m<sup>2</sup>.

---

Espazo 5: antiga corte do gando situada dentro da casa de labranza, coñecida como a "corte grande", onde se atopan expostas nas antigas manxadoiras as miniaturas citadas como liña museística 3. Tamén se usará como sala de conferencias ou de formación. A súa superficie é de 26 m<sup>2</sup>.

Espazo 6: antigo soto ou celeiro que se dedicará como recepción, tenda e pequena sala de conferencias (de ata 10 persoas). É unha fermosa construción de pedra de lousa, de 20 m<sup>2</sup>, que se conservou en idénticas condicións ás que se construíu nos anos 40 do século pasado.

## **Definición da Institución. Enfoque museolóxico**

### **¡Definición da Institución: enfoque museolóxico**

Segundo o museólogo Jean Davallon, "Para un obxecto estar exposto a colocarse nun escenario público, no sentido no que está escenificado ao tempo que se volve accesible para todas as persoas que o desexen, este obxecto é entón algo máis que el mesmo; participa dunha interpretación e está exposto ao discurso social. Neste sentido, a exposición devólvelle ao público a acción patrimonial da que é o resultado e a exposición oficialízao".

En definitiva: unha exposición é unha posta en escena na que se emprega o artificio e na que se barallan diferentes parámetros. Segundo Margaret Hall podemos optar por dúas estratexias: a clasificadora e a temática. A primeira podería ofertar a opción obxectiva e estética en contraposición das narrativas e situacións ofertadas pola estratexia temática.

Pois ben, co enfoque clasificador, o material expoñeríase baixo unha soa clasificación baseada na racionalidade instrumental (exposición obxectiva) ou nunha obxectividade instrumental (exposición estética). Estes tipos de exposición dan por suposto que o público está informado.

O enfoque temático implica o relato dunha historia no fío instrumental mediante o que se guía ao visitante para realizar nexos e percibir o desenvolvemento da tese tal e como evoluciona na exposición. Á súa vez isto pode realizarse a través dun simple enfoque lineal,

como se estiveramos seguindo o diagrama dun libro ou dunha película (exposición narrativa) ou a través da reconstrución dun período determinado (exposición de situación).

Estes tres enfoques do proxecto museolóxico deben convivir creando diferentes camiños entre si de forma que:

O museo dispoña dunha base sólida coas súas exposicións permanentes en continuo crecemento e estudo con moita mobilidade dos fondos museolóxicos.

Coa proxección das exposicións temporais mantense a atención do público da área de influencia, créanse novos alicientes e ábreanse novos campos de investigación.

O museo dispón dunha proxección máis alá do seu propio espazo físico a través de exposicións itinerantes e proxectos externos similares ou complementarios nos que se difunde este traballo (sen necesidade de mover as pezas orixinais, combinando a información temática co desenvolvemento virtual dos contidos).

As exposicións e actividades vinculadas a MUVICLA convértese nunha ferramenta imprescindible para conseguir transmitir o campo ao público xeral con un elevado sentir pedagóxico e de mentalización.

## **3.-Características**

Tomando como base as modalidades dos proxectos expositivos do MUVICLA e á marxe da colección permanente, o museo ofertará mostras das seguintes características:

- *Emotivos* (exposicións estéticas e evocadoras).
- *Didácticos* (a través de pezas e medios interpretativos).
- *Escénicos* (centradas na recreación e interpretación das pezas ou do feito histórico).

#### 4.-Espazo e percorrido

A exposición permanente será o punto de partida para establecer o percorrido museográfico que integrará a calquera visitante ao museo dentro do conxunto cultural. Debemos ter en conta que non só pretendemos atraer os que se acheguen á colección de maquinaria agraria, ofértanse, ademais, os seguintes servizos:

Lugar de ocio e recreo cultural.

Un percorrido pola historia do campo.

Un percorrido pola historia xeral tendo en conta a evolución da maquinaria agraria.

Centro de formación e actividades (destacando as que se pretenden desenvolver a curto prazo)

- Obradoiros de traballo artesanal relacionados coa produción agro-gandeira.
- Obradoiros de traballo empregando coñecementos da xente da 3ª idade.
- Obradoiros de actividades para as idades infantil e xuvenil.
- Seguridade no traballo do medio rural e no uso da maquinaria agrícola.
- Formación relacionada coa sanidade vexetal e a seguridade alimentaria.
- Centro de investigación.
- Centro de documentación.
- Actividades deportivas relacionadas cos xogos tradicionais.
- Economías rurais alternativas. Decrecemento.
- Foros de debate e mesas redondas.
- Seminarios, charlas e mesas redondas orientadas a aumentar a dignidade do campo galego.

- Centro de produción gandeira e agrícola con certificación ecolóxica (con rexistros oficiais CEA 2702600279, e certificación ecolóxica GA91PVB-AF E GA0091PA).
- Biblioteca
- Servizos de restaurante (concertado) e tenda.
- Espazo para concertos musicais na eira de mallar, denominado: "Concertos na Eira".



Fig. 2. Pan feito no forno da casa.

Isto levaranos a contemplar os seguintes tramos que percorrerá o visitante tal e como se foron especificando ao longo deste traballo:

- Módulo de benvinda: área de información de todas as actividades do museo e da súa casa de labranza, así como das exposicións e casas asociadas. Dita información será ofrecida en soporte convencional de papel e en outros soportes indicados para persoas con deficiencias visuais e problemas de mobilidade. Realizarase no espazo 6 "O Soto".
- Módulo de control e seguridade: zona para o sistema de vixilancia, control de asistencia e previsión de medidas de seguridade. Realizarase no espazo 6 "O Soto".
- Módulo de almacenaxe: zona de roupeiro para visitas de grupo, depósito de cámaras e paquetes. Realizarase no espazo 6 "O Soto".
- Módulo de tenda, cafetería, biblioteca, obradoiro e sala polivalente. Espazo vinculado directamente coa actividade do centro pero que dá cabida á visita de cidadáns que non acudan directamente ás exposicións ou actividades. Realizarase no espazo 6 "O Soto", e tamén na biblioteca.

- Módulo de atención a visitantes vinculados: establecerase unha área na que poder atender os visitantes que teñen unha vinculación directa co centro (AGAMAC, asociacións galegas, provedores, persoal vinculado con fundacións, etc.). Realizarase no espazo 5 "A corte grande".
- Módulo de ambientación: zona na que se comeza a establecer o deseño museográfico dos contidos a través do deseño dun escenario no que conviven textos, obxectos referenciais, mapas de situación, proxeccións, módulos interactivos, dioramas e simuladores virtuais.

Estes elementos utilízanse para a construción do discurso expositivo consensuado con técnicos e especialistas na historia do campo e da maquinaria agraria. Trátase de ofertar unha base concisa e con ideas obxectivas claramente explicadas sobre a particularidade da exposición permanente e o seu contexto no escenario histórico.

Este módulo funcionará en paralelo coa existencia do seguinte, dedicado por completo ao desenvolvemento interactivo. Ambos espazos son complementarios e marcarán a pauta para comprender e desenvolver ao máximo a visita á exposición permanente das pezas. Ten como finalidade, ademais, fomentar a expectación e o interese de quen se achegue ao museo, sen importar se son profanos ou expertos no mundo do campo e da mecanización agraria. Por iso haberá que establecer dous niveis de lectura:

1) Indicativo: baralla ideas fundamentais e curiosidades.

2) Avanzado: ofrece a posibilidade de avanzar no coñecemento a través dun servizo de información especializado (coa posibilidade de acceder ao centro de documentación) ou á propia sala con módulos informáticos que conteñen maior nivel de información.

Módulo de exposición permanente: como explicabamos no apartado de necesidades técnicas con respecto ao museo, o módulo de exposicións permanentes contará cun dinamismo pouco habitual neste tipo de exposicións. Contémplase igualmente a creación dun módulo interactivo que manterá un discurso coordinado co módulo de ambientación.

Módulo de exposicións temporais: o percorrido establecerase de forma suxerida e inducida de modo que, ao termo da visita ás salas de exposición, desemboque nun espazo que faga reflexionar sobre o que se visitou. Trataranse tamén temáticas relacionadas co medio rural e os seus oficios e ferramentas.

Módulo didáctico: obradoiro de seguridade no medio rural e medio ambiente, aulas e obradoiros de actividades. Contempla un espazo no que se reflexiona sobre a necesidade de coñecer os límites e adaptación das máquinas xunto coa súa implicación no rural galego, poñendo especial atención no público infantil e xuvenil, incidindo con metodoloxía distinta ao tratar con xente do rural ou da cidade, posto que se parte de puntos de vista moi distintos.

Módulo de despedida: habilitarase un espazo final que, aínda formando parte da exposición temporal, poida transformarse con periodicidade para ofrecer as últimas innovacións da industria. Integrado parcialmente como un anexo da exposición permanente. Habilitarase tamén un espazo (entorno verde) en contacto coa natureza e que reforce a convivencia entre o desenvolvemento das maquinarias agrarias e o medio ambiente. Servirá como nexo entre os espazos de colección permanente, a zona de servizos, a tenda, a sala de actividades e as salas de exposicións permanentes, e, sobre todo, reforzará a localización da colección no entorno dunha casa de labranza. Este espazo, no bo tempo, poderá ser a antiga "Aira de mallar", que se atopa xusto á entrada do "Soto" e que se atopa en perfecto estado de conservación.

**5.-Exposicións temporais:** as exposicións temporais terían una rotación de exposición de entre 6 meses e 1 ano, un período de tempo xustificable para que se poida levar a cabo un programa intensivo de visitas guiadas entre colexios da comunidade, asociacións, grupos concertados, etc.

Proponse iniciar a actividade do museo de xeito preliminar, polo menos coa programación das exposicións temporais, durante un período dun ano e seis meses de forma que se poidan abordar os seguintes temas iniciais:

1) Exposicións asociadas e explotacións agrícolas e gandeiras (casas de labranza): unha das funcións e obxectivos do museo é que o campo galego recupere a ilusión e a autoestima. Para isto, articularase un mecanismo para inserir o museo no medio rural a través da vinculación de explotacións agrarias e gandeiras ademais de exposicións de maquinaria agraria. As áreas que pode abarcar este programa de exposicións asociadas son: oficios artesanais do medio rural; contacto co medio rural a través das casas de labranza; exposición sobre as pezas representativas do campo galego (adaptación de contidos); o campo como medio de vida; a diversificación no medio rural; a interacción entre a terra, a xente e a auga; a sanidade vexetal e animal; a seguridade alimentaria; a arqueoloxía industrial agraria; e o rural como a gran oportunidade de Galicia.

**6.-Actividades:** deseñarase unha área de actividades asociadas a calquera acción do museo que englobará:

Proxecto didáctico á carta (para diferentes grupos de idade ou ocupación); proxecto específico de cada exposición e explotación ou exposición asociadas (proxeccións, conferencias, obradoiros, etc...); festas e eventos estacionais; presenza nas actividades da asociación (de forma destacada, nas de AGAMAC e FCG); participación en publicacións periódicas; edición de libros e folletos; produtos da tenda; produtos da explotación; e fomento da participación na progresión do museo a través da asociación de amigos de MUVICLA (AAMUVICLA).

**7.-Equipo humano:** para a atención e desenvolvemento de actividades do MUVICLA estímase necesario a creación das seguintes figuras:

Dirección / Xerencia; responsable de administración (externo en parte); responsable de recepción, cafetería e tenda; persoal de limpeza (externo en parte); persoal de vixilancia.

Como complemento a este equipo humano establece-se un sistema concertado de prácticas e becas de formación con distintas universidades e centros de formación galegos para establecer un equipo itinerante de asistentes para cada unha das áreas.

**8.-Avaliación de calidade:** dentro do proceso de avaliación e seguimento dos obxectivos implícitos de mellora, desde o museo proporáse a obtención dun certificado de calidade e xestión cultural, de forma que tanto as actividades levadas a cabo desde o museo como desde calquera centro asociado estivesen avaladas por un sistema de calidade (ISO 9000 ou similar) que sirva de carta de presentación ante institucións similares e dean fe dun proceso de execución baseado na calidade e a excelencia.

**9.-Libros de visitas:** existe xa un libro de visitas procedente da primeira época deste museo (tal e como se describe no principio do apartado do proxecto de definición da institución) para que os visitantes poidan plasmar a súa visión do que percibiron na visita.

Tamén existirá un libro de reclamacións para que se amosen as desconformidades que os visitantes poidan percibir.

Ambos documentos teranse moito en conta como elementos de avaliación para o control de calidade e mellora constante que se pretenden levar a cabo nos obxectivos de excelencia que se pretende acadar.

---

### **Definición da Institución: órgano de xestión do museo e xestación do proxecto**

A xestación do proxecto museístico desenvolveuse desde a Casa de Vázquez de Trasluste durante os últimos anos. Comezouse o desenvolvemento cos criterios fixados e pola experiencia acadada nos últimos anos e a análise das ofertas museísticas existentes a nivel nacional e internacional, sempre buscando a excelencia e viabilidade no tempo. Unha das primeiras necesidades, para contar co criterio de excelencia desexado e descartar posibles opcións e escenarios do futuro museo, foi a de contar cun grupo de expertos que nos asesoraran e un comité científico para debater e analizar as diferentes opcións e situacións.

### **Comité Científico**

-María José Bande Castro, doutora, en enxeñaría agrónoma, socia fundadora de AGAMAC, presidenta de AA-MUVICLA, investigadora do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

-Francisco José Ónega López, enxeñeiro agrónomo, investigador do Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela, membro de European Innovation Partnership, xerente da explotación Veiga de Luaces e membro de Beealia.

-Manuel Lara Coira, socio fundador da asociación do patrimonio industrial BUXA, doutor en enxeñaría industrial, profesor da Universidade da Coruña na área de máquinas e motores térmicos.

-Desiderio Novoa Piñeiro, socio fundador de AGAMAC, profesor de Mecanización Agraria na Escola de Enxeñaría de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela.

-Manuel Lage Marco, historiador e doutor enxeñeiro industrial.

-Pablo Núñez Meneses, doutor en historia, veciño de Aríz, concello de Láncara.

### **Definición da Institución: coleccións**

#### **Tractores**

Liña museística 1: "Un paseo pola historia en tractor"

Esencialmente os tractores que pretenden cubrir a proposta da liña museística 1, estarán expostos a modo de colección permanente no espazo 1, aínda que o dinamismo da colección fará que poida estar algún deles en outro espazo por algún motivo, como pode ser unha exposición temporal ou por necesidade de enganchalo nunha máquina.

Os tractores presentes neste momento na colección por orde de idade son:

#### **Ferguson TEA 20.**



Fig. 3. No seo da exposición.

Unidade procedente de Francia (La Bouilloterie, Rouy, Lyon), fabricada en Inglaterra (Banner Lane, Coventry) por Standard Motor Company como parte da produción de 517 651 unidades fabricadas entre 1946 e 1956. Este modelo marcou o inicio da era do tractor moderno e representou o cume nos deseños que

iniciou nos anos 30 o enxeñeiro e inventor de procedencia rural e agraria Harry Ferguson. Este tractor de comercialización global foi o resultado da evolución de varios prototipos e tractores como o Ferguson Black, o Ferguson Brown e o Ford 9N, nos que destaca como innovación máis importante o enganche de apeiros a tres puntos pola parte posterior que permitía no caso dos apeiros de labranza (arados, grades, etc.), ademais de poderlos suspender para transportalos, a transmisión do peso ao eixo motriz cando era necesario (enganche de tres puntos con control de tiro). O empeño do señor Ferguson por achegar a máxima tecnoloxía a un prezo razoable aos traballadores do rural, fixo que introducira máis elementos no seu deseño e oferta de serie, como o volante recuberto de pasta, o silenciador na liña de escape e o motor de arranque eléctrico.

Esta unidade conta ademais coa particularidade de ser o primeiro tractor con matrícula histórica de Galicia, un fito na recuperación oficial de patrimonio arqueolóxico industrial agrario que ata este só estaba reservado para coches, motos e camións.

Atópase restaurado ao 100 % e chega a acadar un nivel de detalle e de pezas de fábrica moi destacable.

#### **David Brown Cropmaster Diesel.**



Fig. 4. David Brown Cropmaster diésel.

Unidade procedente do concello de Lalín, lugar de Lalín de Abaixo, o seu derradeiro destino como tractor agrícola. Estase a investigar en profundidade o seu primeiro destino en Galicia, posto que resulta de gran interese cultural e agronómico por razóns que se con-

tarán. O período de fabricación deste tractor foi do 1947 ao 1953 en Melthan, Inglaterra. David Brown, que inicialmente se dedicaba á fabricación de engrenaxes de moito prestixio, iniciouse no mundo da mecanización agraria co xa citado Harry Ferguson, con quen construíu o Ferguson Brown, do que saíron da fábrica de engrenaxes uns 1 350 unidades, entre o 1936 e o 1939, ano no que David Brown presentou o seu primeiro tractor co seu propio nome. Seguindo coa súa liña de excelencia na produción, achegouse ao mundo dos coches rescatando a Aston Martin e levándoa ao éxito na produción automobilística. Polos motivos expostos, merece a pena seguir investigando a orixe da primeira adquisición deste tractor Aston Martin de principios dos anos 50 en terras galegas.

O tractor de máis de 66 anos sen restaurar, o que honra o seu excelente estado de conservación ademais de que funciona practicamente ao 100 %. En lugar de proceder a unha restauración en profundidade, posiblemente se lle dea un tratamento para conservalo no curioso estado no que se atopa, xa que á vista incluso a pintura coa que saíu de Melthan, os grupos ópticos, os indicadores do taboleiro ou o cristal do espello retrovisor.

#### **Zetor 25 K.**



Fig. 5. Desfile do gando de San Froilán en Lugo, na praza Maior.

Este tractor de dous cilindros fabricado na República Checa (Zbrojovka, Brno) desde os anos 40 ata os 60 do século pasado, amósase nestas fotografías como proba do dinamismo que pode chegar a ter esta colección. Esta unidade do ano 1952 traballou pola costa

lucense despois de telo feito no Principado de Asturias na súa primeira andaina. Restaurouse integramente na Casa de Vázquez no ano 2012, chegando a acadar un nivel de orixinalidade de excelencia destacables. Deste modelo, cabe resaltar dúas notas históricas e de identidade: a primeira, a nivel internacional, como proba de que unha mesma fábrica pasou de facer máquinas con capacidade de destrución (tanques) a facer máquinas con capacidade de traballar para a suficiencia e seguridade alimentaria... case nada. A segunda nota que destacaremos deste checo é que o noso territorio, con lingua propia, que ten nome incluso para cada unha dos 11 millóns de parcelas agrarias do seu rural, tamén foi capaz de poñerlle nome ao son deste tractor agrícola: o "chas chas", en alusión á sinfonía percusora do seu motor de dous pistóns diésel de carreira longa e gran volante de inercia, que fai que o motor sexa capaz de xirar por debaixo do réxime das 300 revolucións por minuto.



Fig. 6. Visita de escolares pensando cal sería o nome sonoro do tractor.

### Massey Ferguson 65.



Fig. 7. Massey Ferguson 65 no seo da colección



Fig. 8. Na praza do Obradoiro, rematando a primeira peregrinación a Santiago de Compostela en tractor de época co ánimo de fomentar a autoestima do traballador rural

O modelo desta unidade é dos primeiras producidos despois da aparición dun dos primeiros e grandes consorcios técnico-económicos transatlánticos do mundo, que xuntou a tecnoloxía europea (por parte de Harry Ferguson) co capital de EUA (por parte de Massey Harris): esta fusión tivo como resultado a Massey Ferguson. O MF 65 foi un dos primeiros produtos globais da nova marca, producido nas fábricas presentes en todo o mundo. Concretamente, esta unidade fabricouse na factoría matriz de Banner Lane en Coventry, Inglaterra, e viu a luz en xaneiro de 1959. Adquiriuse do trinque no lugar de Villaescusa de Haro, en Cuenca, e

trasládouse no 1968 á parroquia de Marey, no concello do Corgo, provincia de Lugo, onde traballou ata o ano 2001, no que se adquiriu para a súa restauración na Casa de Vázquez. A imaxe dos Massey Ferguson 65 e 35 permaneceu na retina do que escribe ao velos a diario cando ía no autobús escolar durante os anos 80 como máquinas principais dunha explotación punteira que existiu na zona inaugurada a principios do ano 1960, feito que motivou que fose a primeira máquina restaurada desta colección.

### Fordson Super Major.



Fig. 9. Ford Super Major. No seo da colección.



Fig. 10. Na praza de Portomarín, na primeira peregrinación a Santiago de Compostela en tractor de época.

Esta carrocería e chasis induce a pensar, tanto aos alleos coma aos non alleos ao mundo da mecanización agraria, nun tractor Ebro. Se ben esta confusión está xustificada, cabe facer fincapé en que é un erro: son produtos de marcas distintas, con acordos de produción e con tecnoloxías comúns. No ano 1954 nacionalizouse a Ford en España, que pasou a chamarse Motor Ibérica S.A. para a produción de tractores e camións da marca Ebro. Debido a este movemento burocrático, empezaron a fabricarse tractores Ebro na factoría da Zona Franca de Barcelona ao mesmo tempo que se comercializaban os tractores Fordson (división agrícola de Ford) que proviñan da factoría inglesa de Dagenham. Eran practicamente idénticos: só cambiaban os anagramas das marcas e algún detalle que só os moi coñecedores aprecian, prolongándose esta situación ata que Motor Ibérica rompe relacións con Ford no ano 1967 e chega a un acordo con Massey Ferguson, momento no que se empeza a fabricar o popular Ebro 160, que combinaba chasis e motor herdados de Ford cunha carrocería con deseño de Massey Ferguson serie 100.

A confusión chega aínda ao día de hoxe, posto que hai unidades de Fordson (coma a que nos ocupa) cuxa nacionalidade é difícil de saber con certeza, posto que, ao mesmo tempo que en Motor Ibérica se fabricaba Ebro, tamén se facían Fordson e poñíáselles unha placa de aluminio na que se indicaba que era un produto de Ford Motor Company.

Esta unidade, que traballou por primeira vez por terras palentinas no ano 1962, veu para o concello do Páramo en Galicia nos anos 70, e, finalmente acabou na Casa de Vázquez para traballar arredor do ano 2001. No ano 2008, como peza do programa Renove de tractores agrícolas, e promovido con gran esforzo desde a asociación AGAMAC, conseguiuase mediante compromisos moi concretos cos propietarios que os tractores antigos que se introducían no programa renove para ferralla ( para acceder á axuda para adquisición de tractores novos) foran librados deste destino para conservar parte do patrimonio histórico. Esta unidade foi a primeira en tramitar a matrícula histórica despois de salvarse gracias a esta xestión administrativa. Existen 21 tractores conservados ao abeiro da disposición transitoria da orde do programa renove por toda Galicia.

### Barreiros 335.



Fig. 11. Barreiros 335.

Coido que, para falar de Barreiros, é mellor empezar pola imaxe dun dos tractores feitos por don Eduardo na súa factoría de Villaverde en Madrid, e reflexionar cal foi o motivo polo que un emprendedor do nivel deste ilustre galego non se converteu nun Ford, Fiat, General Motors ou similares. Esta unidade de Hanomag Barreiros R335 do 1967 é unha das últimas con carrocería inspirada no deseño dos tractores alemáns Hanomag, con quen se aliara don Eduardo para producir tractores inicialmente en España, aínda que o motor, e o sistema hidráulico eran orixinarios do deseño Barreiros. A partir de aquí, a carrocería deseñárona os departamentos de estilo e de deseño de Barreiros, e o chasis integral conta con tecnoloxía practicamente ao puro estilo da fábrica.

Esta unidade adquiriuse nova para traballar no lugar de Castrodello, concello de Láncara, e logo pasou para a colección da Casa de Vázquez polo ano 2003. O seu fito curricular máis destacable é que foi o primeiro tractor da historia que entrou en peregrinación na praza do Obradoiro de Santiago, conducido por unha muller, a doutora enxeñeira agrónoma María José Bande Castro, investigadora do CIAM, presidenta de AAMUVICLA, responsable do comité científico de MUVICLA e membro da comisión permanente.

### Ebro 160.



Fig. 12. Ebro 160 Diante da exposición (espazo 1), co fondo do "Soto", espazo 6.

É un modelo moi popular en todo o territorio español, producido por Motor Ibérica, resultado do fin da colaboración con Ford Motor Company a través da Fordson e comezo da colaboración con Massey Ferguson Ltd. Polo tanto, recolle o deseño da carrocería dos Massey da época, os serie 100, coñecidos internacionalmente como "Red Giants", e o chasis completo (motor, transmisión, hidráulica e eixos) dos Fordson.

Esta unidade traballou desde finais dos anos 60 ata principios do ano 1982 por terras toledanas, e veu para a parroquia de Santa Mariña, no concello de Antas de Ulla en Galicia. No ano 2016, incorpórase á colección da Casa de Vázquez. Neste momento está restaurado á espera da fase final de pintura.

Liña museística 2: "Tratamento do cereal en Galicia nos últimos 150 anos coa proxección do que foi sucedendo na Casa de Vázquez".

Nesta liña preténdese amosar todos os útiles, ferramentas, máquinas simples e máquinas complexas que se foron usando ao longo dos anos en todo o territorio galego e a súa vinculación coa casa de labranza onde se atopan. Neste punto, non se amosan fotografías de todas as pezas, porque son moitas e farían o documento moi denso.



Fig. 13. Case todos os tractores xuntos, diante do "Soto" e en par na "Aira de mallar"

#### A Bertolini 125.



Fig. 14. Bertolini 125.

A marca italiana de segadoras autopropulsadas Bertolini (hoxe propiedade da internacional Emak) conseguiu a consideración de mito a nivel internacional, xa que foi capaz de crear arredor do seu nome a denominación de segadora autopropulsada. Por este motivo, as grandes marcas da competencia (BCS, Valpadana, Olimpia, etc.) foron coñecidas popularmente como as *bertolinas*, unha alusión clara á marca Bertolini. Seguramente a transformación dunha marca de máquinas agrícolas a mito veña motivado pola súa grande adaptación ao territorio, posto que, este tipo de máquinas simples e económicas encheron totalmente territorios coma o galego coa súa presenza ao prestaren un servizo totalmente integrado e axeitado. Este feito abre o seguinte debate: débense adaptar as máquinas ao territorio ou o territorio ás máquinas?

A Bertolini 125 é o máximo expoñente de deseño de segadoras autopropulsadas. Está equipada cun elevador hidráulico e arranque eléctrico (por dínamo-motor) que a converteu en moi cara, e polo que foi moito máis común o modelo 124, con tres rodas e carro de asento desmontable que permitía traballar en lugares de ladeira, indo o operador a pé manipulando a máquina co guiador (o que supoñía un grande esforzo). Tamén se atopa unha na casa de labranza un modelo 124 que aínda se usa para traballar.

---

A este tipo de máquinas incorporóuselles toda unha liña de apeiros e útiles, coma un atador para o cereal, unha serra de corte para tronzar madeira, esmeriles para afiar ferramentas, etc. Nesta colección tamén se conta con dous atadores modelo Bertolini 201, un desgastado polo traballo e outro que quedara nun almacén sen vender adquirido para a colección.

A unidade que hai nesta casa adquiriuse no ano 1972.

As Bertolini chegaron a producirse en Lugo, na fábrica de maquinaria Anvaso, polo que existe no libro *Agamac Historia Viva* ( pode verse en [www.agamac.org](http://www.agamac.org)), un artigo detallado escrito polo profesor Desiderio Novoa Piñeiro, que conta a historia completa desta produción.

### A Campeva.



Fig. 15. A Campeva enganchada ao Massey Ferguson 65.



Fig. 16. A Campeva.

Mostra da capacidade industrial e produtiva do pobo galego, esta máquina produciuse en Campolongo, Pontedeume, nos talleres Breamo a principios dos anos 70. O chasis é de madeira dos montes galegos

e atópase, sen ser restaurada, en perfecto estado de conservación. A historia completa desta fábrica está publicada na páxina web da asociación Abuxa. Esta unidade adquiriuse para a colección no ano 2016.

Nestas fotos, amósase en posición de transporte na "Aira de mallar", diante do "Soto" (espazo 6), enganchada ao Massey Ferguson 65, en disposición de ir facer unha malla á praia fluvial do río Chamoso no concello do Corgo, no ano 2016.

A empresa Auto Avión S.A. da Coruña recolleu esta máquina e depositouna durante un tempo nas súas instalacións despois dunha operación de cambio dun tractor. Pasou a formar parte da colección da Casa de Vázquez no ano 2015.

### Massey Ferguson 31.

É o resultado da suma de todas as máquinas que interviñan na sega e na malla xa que é unha máquina autopropulsada que sega o cereal, separa o grao da palla e limpa as impurezas do gran. No ano 1938 Estados Unidos deseñou e construíu a primeira máquina de colleita autopropulsada. Despois, unha vez realizado o consorcio entre Massey Harris e Ferguson, estendeuse a patente por todas as fábricas que a multinacional creou por todo o mundo. En Noain, no País Vasco español, Motor Ibérica construíu a máquina desta colección con tecnoloxía de Massey Ferguson que, desde que se fabricou en 1964, traballou por terras vascas e, nos anos 70 e 80, por terras luguesas. No ano 2005 incorporouse á colección da Casa de Vázquez. Despois de máis de 20 anos, a restauración estase a realizar por fases e, aínda que é moi custosa, a máquina xa está en funcionamento.

### Sementadora de dobre moxega, de fabricación local.

Representa a alta tecnoloxía de sementado dos anos 40 posto que, nun só rego, podía colocar a distancia exacta dous cultivos (por exemplo, millo e fabas). Está restaurada con fidelidade a como era na época, mantendo intactas as pezas de metal feitas por un ferreiro e seu deseño ao 100 %.



Fig. 17. Massey Ferguson 31.



Fig. 18. Sementadora de dobre moxega.

---

### **Outras máquinas e ferramentas:**

Existen útiles, ferramentas e máquinas que non se detallan e que formarán parte desta liña museística como a segadora-atadora Alpuema de tiro animal (por sangue), a segadora de tiro animal Ortiz-Zárate, a segadora de tiro con tractor Mújica-Orellano, o carro de fabricación local, ou a limpadora coñecida como "sistema francés" (de fabricación local).

### **Liña museística 3: "Miniaturas de maquinaria agrícola".**

Con esta liña museística preténdese cubrir ocos na historia da mecanización que non se poden cubrir con pezas reais. Tamén se poden amosar así as transicións históricas dunha marca completa.



Figs. 20-21. Miniaturas de maquinaria agrícola.